

## ANEXO V: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

<b>1.</b>	<b>Datos do centro</b>
-----------	------------------------

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
36010629	CEIP VICENTE RISCO

<b>Enderezo</b>		<b>C.P.</b>
RÚA SANTANDER 10		36207
<b>Localidade</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>
VIGO	VIGO	PONTEVEDRA
<b>Teléfono</b>	<b>Correo electrónico</b>	
886120185	ceip.vicente.risco@edu.xunta.gal	
<b>Páxina web</b>		
<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco/</a>		

## Índice

Medidas de prevención básica	7
Medidas xerais de protección individual	16
Medidas de limpeza	28
Material de protección	32
Xestión dos gromos	34
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	37
Medidas de carácter organizativo	38
Medidas en relación coas familias e ANPA	51
Medidas para o alumnado transportado	53
Medidas de uso do comedor	53
Medidas específicas para o uso doutros espazos	55
Medidas especiais para os recreos	61
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	62
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	63
Medidas específicas para alumnado de NEAE	64
Previsións específicas para o profesorado	65
Medidas de carácter formativo e pedagógico	67

O Estatuto de Autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

A educación é un dereito fundamental de todos os cidadáns, consagrado pola nosa Constitución que no seu artigo 27 esixe das administracións públicas a súa garantía. A COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARSCoV-2 (severe acute respiratory syndrome coronavirus 2), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China.

O 11 de marzo de 2020 Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID- 9, situación que foi prorrogada por diferentes períodos por outros Reais decretos.

No que se refire especificamente ao ámbito educativo o apartado 1.c do Acordo do Consello da Xunta mencionado prevé a adopción, entre outras, tomar como medida a suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario.

A evolución da pandemia no territorio galego e a diminución do número de contaxios fixo posible o paso das diferentes fases do Plan do Goberno central.

Por acordo do CECOP do 5 de maio (DOG do 6 de maio de 2020) establecéronse instrucións sobre a presenza nos centros educativos para prestar atención aos procesos de admisión e outros procedementos que afectan á comunidade educativa, especialmente ao colectivo de nais e pais.

Por acordo do Consello da Xunta do día 8 de maio de 2020 aprobouse o Protocolo polo que se establece a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19.

O punto 2º do mesmo establece: “As previsións contidas no presente protocolo resultarán de aplicación a todo o persoal empregado público en todos os sectores administrativos e funcionais da Xunta de Galicia, agás no ámbito educativo, sanitario e sociosanitario”. Por esta razón, o mesmo día a Consellería adoptou as decisións complementarias precisas para a reincorporación ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 no ámbito educativo.

A Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do “Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, establece unha serie de previsións en relación cos centros educativos.

Unha vez pasada a primeira onda epidémica, pensando xa no inicio do presente curso, cómpre recuperar a normalidade na actividade escolar coas necesarias precaucións de utilización de equipos de protección e distanciamento físico.

Por iso, con este documento é necesario planificar o axuste das medidas establecidas nas fases de contención.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permite o inicio deste proceso de normalización progresiva da actividade, denominado reactivación, que está sendo avaliado de maneira continua polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e acompañarse da introdución doutras medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica.

Con data 8 de xuño de 2020 aprobouse polo Comité Clínico Sanitario o documento denominado “Plan de Reactivación no ámbito Infanto Xuvenil en relación coa infección

polo VIRUS SARS-CoV 2”, no que se inclúen medidas de carácter sanitario tidas en consideración na confección do presente documento.

O Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio, de “medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19” contén no seu artigo 9 unha breve disposición relativa a centros docentes.

Con data 11 de xuño o Ministerio de Educación e Formación Profesional no seo da conferencia sectorial de Educación presentou un documento denominado “Acuerdos para el inicio y desarrollo del curso 2020-2021” e enviou tamén para coñecemento e alegacións das CC.AA o documento denominado “Medidas de prevención, higiene e promoción de la salud frente al COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021”. Este último documento foi revisado coas alegacións das CC.AA e a súa versión definitiva ten data do 22 de xuño de 2020.

O acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 (modificado por un do 25), sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade. O punto 5 das medidas establece as previsións para os centros educativos co seguinte texto literal:

1. O retorno á actividade lectiva presencial dos centros docentes que imparten o ensino do artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexeráse polas condicións sanitarias vixentes ao comezo do curso escolar 2020/21.
2. Serán de obrigado cumprimento as normas sobre desinfección e prevención que determine en cada momento a autoridade sanitaria, tanto nos centros públicos como privados. Para os supostos en que non sexa posible gardar as distancias mínimas interpersoais que se determinen será obrigado o uso de máscara de protección, con excepción do nivel de Educación Infantil.
3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elaborará e aprobará, mediante resolución, un protocolo de prevención e organización do regreso á actividade lectiva onde se recollerán as recomendacións sanitarias aprobadas ata o

momento. O dito protocolo será supervisado pola consellería con competencias en materia de sanidade.

Con data do 13 de xuño de 2020 publicouse o “DECRETO 90/2020 por el que se declara la superación de la fase III del Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19”, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

O presente documento inclúe, cunha interpretación integradora, as recomendacións dos documentos denominados “Plan de Reactivación no ámbito Infanto Xuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2” elaborado pola Consellería de Sanidade e cando resulta compatible con esta as establecidas no documento “Medidas de prevención, higiene e promoción de la salud frente al COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021. Versión do 22 de xuño de 2020” elaborado polo Ministerio de Sanidade.

O protocolo foi sometido á consideración da mesa sectorial docente e do comité intercentros de seguridade e saúde laboral da Consellería.

Con data 31 de agosto do 2020 houbo unha modificación do protocolo e atendendo a este modificación, cambiouse o protocolo novamente tendo en conta as novas directrices (INSTRUCCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 VERSION 31-08-2020)

Deste xeito, e seguindo a normativa vixente e as instrucións da Consellería, o Equipo Directivo do Ceip Vicente Risco concreta o Plan de Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021 no presente documento.

Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais entendemos que farán as súas achegas dentro das competencias que lle corresponden.

Id. Medidas de prevención básica			
<b>2. Membros do equipo COVID</b>			
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			
Membro 1	Sandra Fernández Vidal	Cargo Directora	Telf:
Tarefas asignadas		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nomear membros e suplentes no equipo covid.</li> <li>• Interlocución coa administración eco centro de saúde de referencia.</li> <li>• Coordinación do equipo covid.</li> <li>• Comunicación de casos.</li> </ul>	
Membro 2	Rafael Prieto Alvarez	Cargo	Secretario
Tarefas asignadas		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Compra de materiais relacionados co COVID, inventariado do mesmo e todas aquelas asignadas pola Dirección do Centro.</li> </ul>	
Membro 3	Marta Cagiao Álvarez	Cargo	Titora Primaria
Tarefas asignadas		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevar as propostas do equipo docente de primaria e Infantil</li> <li>• Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias.</li> </ul>	

<b>3. Centro de saúde de referencia</b>			
Centro	Ángela Iglesias Rebollar, s/n - TEIS -	Teléfono 986 374 229	

	36216 - Vigo (Pontevedra)	986 378 437	
Contacto	<p><b>Dr. Jose Luis López Vilar (coordinador área sanitaria)</b></p> <p><b>Dra. Marina Cid (1ª quincena de setembro)</b></p> <p><b>Dr. Callejas (2ª quincena de setembro)</b></p>		

<b>4.</b>	<b>Espazo de illamento</b> (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
<p>Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada co compromiso persoal en relación ao anexo I auto enquisa) no persoal non docente, profesorado e alumnado non acudirán ao centro educativo e chamarán ao seu centro de saúde de referencia ao teléfono do centro educativo preguntando pola persoa de referencia do equipo covid do centro e da etapa educativa correspondente en relación ás funcións asignadas con anterioridade). Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.</p> <p>Sintomatoloxía compatible:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Síntomas respiratorios</li> <li>- Febre maior de 37,5°C</li> <li>- Tose seca</li> <li>- Dificultade respiratoria</li> <li>- Fatiga severa (cansazo)</li> <li>- Dor muscular</li> <li>- Falta de olfacto</li> <li>- Falta de gusto</li> <li>- Diarrea</li> <li>- Dor de cabeza</li> </ul> <p>No caso de que a aparición de sintomatoloxía compatible sexa no propio centro escolar, o</p>	





espazo de illamento Covid será o seguinte:

O espazo de Illamento Covid será o epazo situado ao lado de dirección (na antiga secretaría). Este espazo tal como demanda o protocolo designado pola consellería contará con: ventilación adecuada, solucións hidro alcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Indicacións para o illamento:

- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo. No caso dunha persoa adulta traballadora do centro contactarase co centro de saúde de referencia asignado pola Consellería.

- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

Mentres, o membro do equipo covid acompaña á persoa sintomática, a coordinadora do equipo covid chamará a familia e ao centro sanitario correspondente e empregará as canles habilitadas pola Consellería de Educación para a comunicación dos posibles casos detectados e para o subministro de información. A canle será utilizada polo centro educativo para notificar os casos ou para a identificación dos contactos próximos, coas debidas garantías de protección de datos. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria. Devanditos aspectos recóllense no documento "Medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte a COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021. Versión do 22 de xuño de 2020" elaborado polo Ministerio de Sanidade

5. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)	
Curso	nº de alumnado
4º de Infantil	5
5º de Infantil	10
6º de Infantil	9
1º de Primaria	10
2º de Primaria	8
3º de Primaria	9
4º de Primaria	12
5º de Primaria	13
6º de Primaria	18

6. Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)

NOME	TLF. FIXO	TLF.MÓBIL	Email
1. ALONSO LAMEIRO , ISABEL			
2. CAEIRO GONZÁLEZ, MÓNICA			
3. CAGIAO ÁLVAREZ, MARTA			
4. CORTIZO GIL, Mº TERESA			
5. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SANDRA			
6. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ JOSÉ ANTONIO			

7. FERNÁNDEZ VIDAL, SANDRA			
8. GLEZ GUISANDE , M <sup>a</sup> MERCEDES			
9. PICO BALSA, MARÍA DULCITA			
10. PRIETO ALVAREZ, RAFAEL CARLOS			
11. BARROS ALFONSO, VANESA			
12. RODRÍGUEZ DAPONTE, MIGUEL ÁNGEL			
13. VICENTE ARRIBAS, MARÍA PILAR			

**7. Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)**

<b>GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA</b>	<b>ASIGNACIÓN DE AULA</b>	<b>PROFESORADO QUE DA EN ESA AULA</b>
4º -5º DE INFANTIL	AULA DE 4º DE INFANTIL	VANESA BARROS ALFONSO: Titora DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música M <sup>a</sup> ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión
5º e 6º DE INFANTIL	AULA DE 5º E 6º DE INFANTIL	MERCEDES GONZÁLEZ GUISANDE: Titora DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música M <sup>a</sup> ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión
1º DE PRIMARIA	AULA DE 1º DE PRIMARIA	TERESA CORTIZO GIL: Titora DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música M <sup>a</sup> ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión SANDRA FERNÁNDEZ VIDAL: especialista en EF

2º DE PRIMARIA	AULA DE 2º DE PRIMARIA	TERESA CORTIZO GIL: Titora DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música Mª ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión SANDRA FERNÁNDEZ VIDAL: especialista en EF
3º DE PRIMARIA	AULA DE 3º DE PRIMARIA	RAFAEL PRIETO ALVAREZ: Titor DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música Mª ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión SANDRA FERNÁNDEZ VIDAL: especialista en EF e Valores MARTA CAGIAO ALVAREZ: Plástica
4º DE PRIMARIA	AULA DE 4º DE PRIMARIA	MIGUEL ÁNGEL RODRÍGUEZ DAPONTE: Titor DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música Mª ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión SANDRA FERNÁNDEZ VIDAL: especialista en EF
5º DE PRIMARIA	AULA DE 5º DE PRIMARIA	MARTA CAGIAO ALVAREZ: Titora DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música Mª ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión SANDRA FERNÁNDEZ VIDAL: especialista en EF
6º DE PRIMARIA	AULA DE 6º DE PRIMARIA	JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Titor DULCE PICO BALSA: Especialista de Inglés SANDRA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: especialista en Música Mª ISABEL ALONSO LAMEIRO: Relixión SANDRA FERNÁNDEZ VIDAL: especialista en EF



**8. Medidas específicas para grupos estables de convivencia**(con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarse dende o centro das cadeiras. Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

Retírase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible e en todo caso garantir un mínimo dun metro.

Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como, aulas de música ou similares.

Na etapa de Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. O grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

**Os grupos estables de convivencia** terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Deste xeito empregarán a máscara nos espazos comúns e recreo, así como nas entradas e saídas. Usarán a máscara tamén dentro da aula a partir dos seis anos e será altamente recomendable para Educación Infantil.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:



- Terán unha bolsa con nome para gardar as máscaras cando non sexa necesario o seu emprego, cun colgador para poder colocala no gancho lateral das mesas ou as asas da propia bolsa. Tamén deberán traer 4 rollos para axudar nas desinfeccións do pupitre e do material no caso de ser necesario.

Como última medida, imporase o uso da máscara obrigatoria en todo o horario lectivo, se non fose posible a separación agás en Ed. Infantil xa que non é obrigatoria o seu uso ata os 6 anos, pero si é altamente recomendable o seu uso.

Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).

- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.

- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.

- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles e impliquen a interacción con membros doutro grupo, será preciso o emprego da máscara.

- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.

- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcolico do rotulador que empregue ou terán o seu propio individual, que se pedirá na lista de material escolar.

- Cando teñan que facer presentacións en voz alta para todo o grupo, empregarase máscara, pois é un momento sensible para que as gotículas alcancen unha maior distancia.

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter un pouco máis de seguridade na convivencia.

Algunhas das restricións limitan á liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo.

Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.

Recoméndase que nos grupos de convivencia estables cando se fagan subgrupos estes sexan de tipo estanco, é dicir sempre formados polos mesmos membros.

**9. Canle de comunicación** (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)

A canle de comunicación será correo electrónico, chamada telefónica, Whatsapp (se algún mestre ou mestra non ten posibilidade de acceder de outra maneira e o considera oportuno) ou aplicación Tookapp.

**10. Rexistro de ausencias** (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

Existirán dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal e do alumnado. Ao rexistro convencional empregado habitualmente (follas de rexistro e Xade), engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa covid-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por covid-19 quedará a eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes á persoa que exerza a Xefatura de Estudos.

**11. Comunicación de incidencias** (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)

En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa.

Os centros educativos terán un centro de saúde de atención primaria de referencia onde se poida poñer en contacto coa persoa responsable do equipo Covid do centro educativo para resolver calquera dúbida ou incidencia no centro. Neste caso o noso centro de referencia será o Centro de saúde de Teis con dirección Ángela Iglesias Rebollar, s/n - TEIS - 36216 - Vigo (Pontevedra). Nestes momentos tal e como está indicado nas bases se non está o médico ou médica de referencia do alumno, terá disposición de atendimento o profesional que neses momentos estea no centro de saúde.

Os pasos serán os seguintes:


- Aviso ao coordinador covid-19.
- A partir de aquí, establecerase a comunicación do coordinador covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado:
  - Chamada telefónica á familia do afectado/a.
  - Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia.
  - Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.
  - Subida de datos á aplicación.

**Id. Medidas xerais de protección individual**

**12. Situación de pupitres** (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

As aulas do noso centro estarán dispostas acorde co segundo croquis de exemplo. Aínda que poñemos unha aula xenérica, o profesorado terá que dispoñer a súa aula mirando cara a súa mesa e gardando sempre a distancia de seguridade recomendada entre os alumnos (mínimo dun metro), que estarán sentados de forma individual, evitando os traballos en grupo.





A forma en flor é unha das propostas establecida na reunión Xeral Autonómica de directivos.

O alumnado de valores quedará na mesma aula e o alumnado de relixión será acompañado pola mestra ata a súa propia aula, cada alumno/a coa axuda da mestra/e antes de saír da súa aula desinfectará previamente a súa mesa e cadeira,, con xel hidroalcolico e papel.Xa que é unha aula pola que pasará todo o alumnado do centro que ten esta materia, sucedendo o mesmo en calquera outra aula que sexa compartida como Música.

**13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos** (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

O noso centro ten espazo para asignar a cada nivel unha aula e unha especialidade, menos inglés que será na propia aula.

**14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación** (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

Aconséllase ao profesorado destas dúas especialidades que empreguen viseiras protectoras, xa que, en moitas ocasións, o seu labor é incompatible co emprego da máscara.

- Entre cada sesión con nestas aulas realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.
- Proporcionarase mampara de metacrilato ao departamento de orientación, tanto PT, AL e orientación precisarán para traballo individualizado co alumnado das mesmas en diversas situacións.

Como modelo de cuestionario empregaremos o que figura no protocolo, que irá anexo ao plan.

Cuestionario para valorar o Plan de adaptación a situación COVID -19 NO CURSO 2020/2021.

Aspecto a considerar		Realizado		
		S I	NON	N P
<b>Id.</b>	<b>Procedementos sanitarios relativos ao control da enfermidade</b>			
<b>1.1.</b>	<b>¿Informouse aos traballadores de non acudir ao centro de traballo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?</b>			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
<b>1.2</b>	<b>¿Informouse aos pais/nais/titores dos alumnos de non envialos ao centro educativo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?</b>			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
<b>1.3</b>	<b>¿Estableceuse no centro o procedemento para seguir se algún traballador ou alumno presenta síntomas da enfermidade no centro educativo?</b>			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
<b>2.1</b>	<b>¿Establecéronse quendas ou procedemento de acceso para garantir que non se producen aglomeracións no acceso e mantéñense as distancias de seguridade? En caso necesario, establecéronse entradas e saídas diferenciadas que garantan a distancia entre persoas?</b>			



Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.2	¿Dimensionáronse os espazos de traballo seguindo as indicacións dos procedementos da Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
Aspecto a considerar		Realizado		
		S I	NON	N P
2.3	¿Asegúrase que tanto os alumnos como os docentes teñan fácil acceso a auga e xabón, así como, papel desbotable para secado e papeleiras no centro educativo? Se é necesario, dispónse de dispensadores xabonosos e/ou de solución alcohólica desinfectante ao dispor dos traballadores e dos alumnos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.4	¿Colocáronse pantallas protectoras de metacrilato ou similar para zonas de atención a público, como na área de administración, etc.? Definíronse adicionalmente os equipos de protección a utilizar?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.5	¿Estableceuse, en caso necesario, un fluxo controlado na entrada e saída dos alumnos, evitando o cruzamento duns e outros?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.6	¿Definíronse sentidos de circulación nas zonas de maior confluencia, diferenciando ambos os sentidos mediante cintas de separación e/ou vinilo adhesivo no pavimento?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				



2.8	¿Limitáronse as visitas e contactos con visitas (pais/nais, provedores) ao mínimo posible?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.9	Para as aulas ¿Adecuáronse ás pautas marcadas pola Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.10	¿Limitanse as reunións presenciais?, En caso de realizalas, mantense a distancia de seguridade de 1,5 metros, así como as medidas hixiénicas e distanciamento social?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.11	¿Habilitanse zonas de recepción de mercadorías que respecten as distancias de seguridade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.12	¿Establecéronse normas específicas para o uso de aseos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.13	¿Establecéronse normas específicas para o uso de vestiarios?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.14	¿Establecéronse normas específicas para as salas de reunións?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				



2.15	¿Establecéronse normas específicas para o comedor segundo o procedemento da Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.16	¿Conta con papeleiras ou contedores protexidos con tapa e accionados por pedal?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.17	¿Dispónse de bandexas ou similar para o intercambio de papeis na área de administración?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.18	¿Evítase compartir obxectos ou equipos de traballo, en caso necesario, hixienízanse antes de cada uso?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.19	¿Limitouse o uso de ascensores a unha única persoa, salvo forza maior (limitacións de mobilidade)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
<b>Id.</b>	<b>Formación e información dos traballadores</b>			
3.1	¿O persoal é informado dun xeito fiable e actualizado das recomendacións sanitarias que se deben seguir de xeito individual?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.2	¿Formouse aos traballadores na prevención do contaxio e as medidas a adoptar, específicas para o lugar de traballo, así como o equipamento de protección a empregar?			



Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.3	¿Informouse aos traballadores sobre as medidas preventivas que deben adoptarse cando viaxan ao lugar de traballo?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.4	¿Informouse ao persoal sobre como eliminar o material de uso de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, panos, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

3.5	¿Valorouse e adquiriuse un stock suficiente de equipos de protección segundo o marcado pola Consellería?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
<b>Id.</b>	<b>Limpeza e desinfección das instalación</b>			
3.6	¿Dispuxéronse os produtos de limpeza e EPI necesarios para poder emprender e manter a actividade e limpeza requirida?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.7	¿Realízase unha correcta limpeza das instalacións, en relación coa súa periodicidade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
				Realizado



Aspecto a considerar		S I	NON	N P
3.8	¿Informouse ao persoal de limpeza sobre os aspectos necesarios para limpar os cuartos, con especial énfase nas superficies, especialmente aquelas que son tocadas con maior frecuencia como as fiestras ou os tiradores das portas, os dispositivos que usan habitualmente o alumnado e persoal, mesas e ordenadores?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.9	¿Déronse instrucións aos traballadores para depositar o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) na fracción de resto (agrupación de residuos domésticos que se obtén unha vez realizadas as recollidas separadas)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.10	¿Estableceuse un mecanismo para a eliminación de residuos procedentes dunha persoa que presentou síntomas da enfermidade e os elementos de limpeza empregados neste caso?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.11	¿Establecéronse directrices para reforzar a ventilación periódica nas instalacións, diariamente e adicionalmente con ventilación natural durante máis de cinco minutos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
<b>Id.</b>	<b>Sinalización</b>			
3.12	¿Indicáronse as normas hixiénicas básicas que hai que observar (lavar as mans, non tocar a cara, toser en papel desbotable ou no cóbado, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				



3.13	¿Sinalizáronse as normas de acceso relativas aos alumnos, así como os equipos de protección que deben utilizar?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.14	¿Sinalizáronse mediante marcas no chan ou similar as distancias de seguridade a manter durante o acceso ao centro educativo e no resto de zonas necesarias (zona de comedor, biblioteca, etc.), segundo o marcado pola Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
Aspecto a considerar		Realizado		
		S I	NON	N P
3.15	¿Sinalizouse, no acceso ao centro de traballo, a prohibición de acceder a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.16	¿Sinalizáronse as normas de uso en zonas comúns (salas de reunións, vestiarios, comedor, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

<b>15.</b>	<b>Titorías coas familias</b> (determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias)
As titorías coas familias serán mediante o uso de chamadas ou videochamadas na medida do posible.	



Se nalgún caso moi específico e xustificado non puidera ser deste xeito, faríamolo de xeito presencial, pero tendo en conta as máximas medidas de seguridade: uso das máscaras e gardando as distancias de seguridade (mínimo dun metro).

As reunión con todo o grupo de pais e nais procuraremos que sexan mediante videoconferencias usando plataformas tipo Webex.

Se facemos alguna reunión grupal presencial esta será gardando todas as medidas de seguridade posibles: uso de máscaras e gardando as distancias dun metro como mínimo.Utilizando xel hidroalcolico ás entradas e saídas.Cando nalgunha destas reunións sexa necesario o visionado dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

En ambos casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles reflectidas nas NOFC (abalarmóbil, axenda do alumnado, teléfono, Tookapp)

A disposición sería a mesma que para o alumnado nas aulas para ditas reunións.

**16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro** (provedores, visitantes, persoal do concello...)

Para comunicarnos con persoas alleas ao centro utilizaremos preferentemente o teléfono e o correo electrónico.

Coas familias, ademáis, empregaremos Abalar para publicar as notas e Tokapp para enviar mensaxes e comunicacións diversas, evitando en todo momento o uso do papel.

Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a web do colexio pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.

A información cos provedores xa se realiza habitualmente por mail ou teléfono, polo que seguiremos a empregar estas vías.

**17. Uso da máscara no centro**



- Entendemos que, independentemente das recomendacións e obrigación do uso da máscara a nivel xeral, un centro educativo debe promulgar hábitos que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara.

1. O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. En Infantil é altamente recomendable o seu uso.

2. En educación infantil e en primeiro ciclo de educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Débese garantir a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

O Alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras dentro e fóra das aulas, coas excepcións específicas respecto do alumnado do nivel de educación infantil, de conformidade co previsto no presente protocolo.

É obrigatorio usar máscara de protección nas circulación polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas do comedor escolar e na estancia na biblioteca. Unicamente en Infantil o uso de máscara nestes grupos de idade cando formen grupos estables de convivencia non esixirá o uso obrigado de máscara nos recreos ou cambios de clase.

Recoméndase que o profesorado utilice a máscara continuamente non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante.

O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as usen.

O alumnado deberá traer unha segunda máscara de xeito obrigatorio levándoa nun estoxo, riñoneira, bolsa...

A imposibilidade de usar máscara debe ser acreditada por un médico.

**18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa**

O “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” será comunicado ao persoal do centro e a todas as familias. Será remitido tamén a Inspección educativa xunto co resto da documentación correspondente ao inicio de curso.

Este plan é enviado ao profesorado por correo electrónico e estará sempre visible na páxina web do centro.

**Id. Medidas de limpeza**

**19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente** (non incluír datos de carácter persoal)

*A conservación, o mantemento e a vixiancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao concello respectivo.*

Nos supostos no que existan varias persoas dedicadas a tarefas de limpeza, unhas delas realizará total ou parcialmente a súa xornada na quenda de mañá, podendo realizarse rotacións no uso das quendas. Cando as tarefas de limpeza se realicen por unha única persoa realizará parte da súa xornada (polo menos 1/3) en xornada de mañá.

Este protocolo recollerá as seguintes **indicacións**:

4.1.1. Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.

4.1.2. Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

**4.1.3. Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos**



**dúas veces naxornada.** En todo caso nos aseos existirá xaboeirasou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

**Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.**

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

**Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras**(todas con bolsa interior e protexidas con tapa), **de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.**

As indicacións anteriores **vinculan ao persoal de limpeza das administracións locais** e incorporan as *Medidas de prevención, higiene e promoción de la salud frente al COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021* recomendadas no documento aprobado conxuntamente polos Ministerios de Sanidade e de Educación e Formación Profesional o 22.06.2020.

**20. Distribución horaria do persoal de limpeza** (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)

Estamos pendentes do persoal enviado polo Concello para a súa organización.

**21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza**

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.



Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

O persoal de limpeza terá que usar en todo momento máscara e, voluntariamente, pantalla.

Cada un/ha terá o seu propio carro cos utensilios básicos.

- Empregaranse distintivos móbiles para indicar a presenza de persoal de limpeza na dependencia que estea a ser desinfectada, debendo esperar a que estea o labor feito antes de ser posible o seu novo uso.

- En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levarlos a cabo.

22.	Cadro de control de limpeza dos aseos	VER ANEXO X	
-----	---------------------------------------	-------------	--

23.	<b>Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas</b> (a colocar en cada aula)
-----	---

Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 5 minutos (10 minutos cando a sala ou aula estaba ocupada previamente) ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases.

En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas. A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado e será realizada pola conserxe/limpadora.

- O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de checklist.

A ventilación dos espazos é máis importante que a limpeza reiterada.

Ver modelo

Deixamos o cadro completo de cambios de hora para anotar en que momentos ventilouse a clase.

<b>CURSO:</b>	<b>8:50</b>	<b>9:50</b>	<b>10:40</b>	<b>11:30</b>	<b>12:20</b>	<b>13:10</b>	<b>14:00</b>
<b>LUNS</b>							
<b>MARTES</b>							
<b>MÉRCORES</b>							
<b>XOVES</b>							
<b>VENRES</b>							

Resaltar que o noso centro carece de calefacción e que as ventilacións no edificio implican en situacións de moito frío unha gran dificultade no noso centro.

#### **24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos**

- En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).
- O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral (virutas de lapis, plásticos que non sexan de reciclaxe...)

Ademais en cada andar haberá un colector para depositar o resto de residuos.

<b>Id.</b>	<b>Material de protección</b>
------------	-------------------------------

<b>25.</b>	<b>Rexistro e inventario do material do que dispón o centro</b>
------------	---

Daremos ao profesorado unha folla de rexistro do material básico co que conta cada aula e o teremos arquivado no Despacho de Dirección.

<b>26.</b>	<b>Determinación do sistema de compras do material de protección</b>
------------	--

Ao principio de curso dotaremos ao profesorado dun material básico de protección contra o COVID-19. Cada aula contará sempre con xel hidroalcohólico, con panos desbotables.

Ademais haberá nas entradas e saídas sempre botellas de xel e será obrigatorio limpase as mans ao entrar ao centro.

Haberá papeleiras de pedal (xa mercadas) para botar nela os residuos.

Ademais en cada andar haberá un colector onde tirar o resto de residuos.

Tamén contaremos en cada piso cun termómetro para medir a temperatura a distancia. Estará sempre gardado no botiquín. (Contamos cun botiquín por cada andar). O profesorado que será o responsable do seu uso, farase cargo da desinfección.

A finais de xullo fíxose un pedido grande deste tipo de material facendo unha previsión das necesidades e uso. Tamén tendo en conta o Real Decreto Lei 15/2020, facturando o material exento de IVA, neste tipo de produtos COVID para organismos e empresas públicas.





Id.	Xestión dos gromos
28.	<b>Medidas</b> (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)
<p>Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación: levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.</li><li>- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, (sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2 do protocolo).</li></ul> <p>Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirán ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.</li></ul>	

- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguíranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

O modelo proposto establece catro fases:

#### 1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento (esta porcentaxe pode variar segundo nos vaian aconsellando as Consellerías de Educación e Sanidade).

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60% (esta porcentaxe pode variar segundo nos vaian aconsellando as Consellerías de Educación e Sanidade).

Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

<b>29.</b>	<b>Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa</b> (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)
------------	--

Encargarse a Directora do Centro en primeira opción ou calquera outra persoa do Equipo COVID, en caso de que esta non teña posibilidade de facelo no momento por ausencia ou por calquera outro tipo de indisponibilidade.

<b>Id.</b>	<b>Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade</b>
------------	---

<b>30.</b>	<b>Procedemento de solicitudes</b> (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)
------------	---

Atendendo ao apartado 9 do protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio: [ceip.vicente.risco@edu.xunta.gal](mailto:ceip.vicente.risco@edu.xunta.gal)

Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada vía mail á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.

- Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación persoalcentros reflectindo no apartado observacións a casuística.

Id.	Medidas de carácter organizativo
31.	<p><b>Entradas e saídas</b> (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado — cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)</p>
<p>O obxectivo desta proposta é evitar as aglomeracións tanto nas entradas como nas saídas. O funcionamento depende no cumprimento estricto das normas e dos horarios tanto do persoal como das familias. Para evitar un número innecesario de persoas cada alumno ou alumna só debe vir acompañado por un adulto e si é posible un adulto podería acompañar a varios alumnos ou alumnas. É moi importante que nin familias nin profesorado se entreteñan nas entradas ou saídas dando avisos, recados... Para iso haberá que empregar a axenda, o teléfono, a aula virtual, o correo electrónico...-</p> <p>O alumnado de Primaria accederá a recinto escolar sen acompañante, serán os titores/as os que os recollan nas respectivas filas.</p> <p>Pídese que os acompañantes de Infantil sexan soamente un adulto por neno/a. O profesorado que teña a 1ª hora co alumnado estará á espera na fila correspondente ao curso e o alumnado unha vez entre ten que ir a súa fila e poñerse en orde. O profesorado de 1º e 2º de Primaria durante os primeiros días de curso recollerá ao alumnado na porta de entrada para orientalos e que vaian collendo posteriormente a autonomía de ir a súa fila.</p> <p><b>-Entrada dos pais/nais no centro:</b> Está limitada a un acompañante en Ed. Infantil sempre con máscara e gardando a distancia de seguridade. Con carácter xeral os pais/nais de primaria non poden entrar.</p> <p><b>HORARIOS DE ACCESO 10 DE SETEMBRO:</b></p>	

Para unha mellora da organización do centro debido ás novas medidas do Covid19 e para que o alumnado interiorice ben onde se teñen que colocar e cales serán as circulacións polo centro establecemos un horario diferenciado de entrada para este día:

**Infantil:**

4º de Infantil: a titora consensuará coas familias antes do día 10 de setembro o periodo de adaptación deste alumnado.

5º : entrará ás 09:00 e será orientado polo profesorado pertinente e axudado polo profesorado de garda se é o caso.

**Primaria:**

1º e 2º ás 9:00 horas

3º as 09:00 horas

A SAÍDA será coma sempre, respectando os horarios de comedor e o que será a recollida de alumnado habitual.

**HORARIOS DE ACCESO 11 DE SETEMBRO:**

Para unha mellora da organización do centro debido ás novas medidas do Covid19 e para que o alumnado interiorice ben onde se teñen que colocar e cales serán as circulacións polo centro establecemos un horario diferenciado de entrada para este día:

**Infantil:**

4º de Infantil: a titora consensuará coas familias antes do día 10 de setembro o periodo de adaptación deste alumnado.

5º de Infantil e 6º de Infantil : entrará ás 09:00 e será orientado polo profesorado pertinente e axudado polo profesorado de garda se é o caso.

**Primaria:**

1º e 2º e 3º ás 9:00 horas

4º - 5º ás 09:15 horas

6º ás 9:30 horas

### **14 setembro ata o final do curso académico 2020-21:**

#### **ENTRADAS:**

##### **Infantil**

Entra ás 9:00 horas acompañados por un adulto con máscara seguindo o camiño de entrada e saída

4º de Educación infantil acollerase a este horario cando remate o período de adaptación

##### **Primaria:**

8:50 entrarán e por este orde 6º, 5º e 4º

8:55 entrarán e por este orde 3º, 2º e 1º

#### **SAÍDAS:**

##### **Infantil**

Sae ás 13:55 horas e serán recollidos por un adulto seguindo as instrucións establecidas ou irán a quenda de comedor.

##### **Primaria**

14:00: 3º, 2º e 1º

13:55: 6º, 5º e 4º

4º/5º de Educación Infantil e Primeiro e Segundo de Primaria entrarán e sairán por unha porta (porta habitual de entrada e saída destes cursos ao lado do ximnasio), fronte a Terceiro, Cuarto, Quinto e Sexto de Primaria que o farán pola outra, ademais de 5º-6º de Infantil (porta principal de entrada destes cursos)



Tanto a entrada como a saída farase de xeito escalonado. Para iso marcaremos zonas no patio onde os nenos/as esperarán na súa fila e irán entrando por orde, de xeito que ao entrar laven sempre as mans con xel hidroalcohólico. Nas entradas será no 1º trimestre o profesorado que teña aula co alumnado o que acompañe aos mesmos/as. Posteriormente según a situación do COVID 19 iremos facendo as variacións convintes.

Nas saídas os nenos e nenas de Infantil e de Primeiro a Cuarto de Primaria sairán acompañados polo último mestre que estea con eles e entregaralles a unha persoa autorizada ao neno/a.

Os nenos e nenas de Quinto e Sexto que estean autorizados para saír sos, farano unha vez teñan saído os outros nenos/as. Os non autorizados para saír sos baixarán acompañados polo último mestre que estea con eles e entregaralles a unha persoa autorizada ao neno/a.

A recollida farase pola ENTRADA PRINCIPAL DO CENTRO.

A meirande parte do noso alumnado queda ao comedor, que será en dúas quendas e sairá do centro ao remate do mesmo, agás que se queden directamente a alguna actividade extraescolar (AÍNDA QUE EN PRINCIPIO NON VAI A HABELAS).

O protocolo de entrada e saída do comedor será o seguinte:

A primeira quenda será das 14:00 ás 14:40 aprox. será a metade do alumnado que está no comedor tendo en conta que na primeira tanda irán os máis pequenos ata 3º de Primaria. Este alumnado entrará no comedor escalonadamente. Ás 13:55 para evitar aglomeracións entrarán os alumnos de Infantil e ás 14:00 o alumnado será recollido na porta ao lado da Infantil de 3 anos para poder facer a entrada no comedor. O alumnado de 1º e 2º e 3º xa virá coas mans lavadas das súas respectivas aulas, incluíndo a Infantil que a última media hora de clase será para hixienización e lavado de mans e recollida de todo o material. Haberá dúas encargadas de comedor atendendo a este alumnado, mentras que a outra quenda estará no recreo coa coordinadora de comedor e con outra traballadora do comedor atendendo a estes nenos e nenas que estarán no patio. Hai que salientar que o alumnado das aulas de 4º, 5º e 6º agardará nas pegadas que estarán establecidas ao lado da pista polideportiva para cada curso mantendo a distancia de seguridade respectiva a partires das dúas da tarde a espera da chegada das coordinadoras. Se chove este alumnado agardará na fila dentro do pabillón.

Cando sexan as 14:40o alumnado que está no patio irá acompañado polas respectivas monitoras e se irán poñendo en fila mantendo a distancia de seguridade pola porta en fronte de dirección e agardando que se faga unha desinfección dos pupitres individuais nos que estarán os de Primaria mantendo a distancia de seguridade. Agardando tamén que o outro alumnado saia pola outra porta acompañado polas respectivas monitoras.

Serán as coidadoras as que axudadas por este alumnado limpen con papel desbotable e desinfectante os pupitres (as coidadoras utilizarán o difusor para poñer o desinfectante nos pupitres nos que estará o alumnado de Primaria e estes axudarán a súa desinfección). Mentras que Infantil como según a normativa salienta que “o alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1,5 metros un de outro” realizará o seu periodo de comedor no espacio separado dos de Primaria máis de 1,5 metros de separación dos mesmo, e 1,5 metros de separación do grupo de Infantil 4º e 5º de 5º-6º de Infantil respectivamente. Formando grupos estancos os dous de Infantil, separándose entre si.


O alumnado de Infantil será recollido ás 15:50, se non chove pola porta de entrada do centro e se chove pola porta pequena de acceso ao pabillón, facendo a mesma saída para o outro alumnado de Primaria que irán sendo entregado dos máis pequenos aos maiores respectivamente.

Os días de choiva o alumnado de Infantil estará no ximnasio cuberto, dividido en dous grupos estancos cando saian do comedor e 1º,2º e 3º estarán no pabillón cuberto divididos tamén en dous grupos. Unha vez remate a segunda quenda o alumnado desta quenda axudará a desinfectar novamente as súas mesas coa axuda da coidadora de comedor e sairán ao patio para agardar a entrega.

32.	<b>Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo</b> (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)
-----	---

4º-5º Educación Infantil e Primeiro e Segundo de Primaria entrarán e saírán por unha porta, fronte a Terceiro, Cuarto, Quinto e Sexto de Primaria e 5º-6º de Infantil que o farán pola outra.

Utilizaremos sempre o sentido da dereita. O alumnado e o profesorado irá tanto polos corredores como polas escaleiras sempre pola súa dereita. Isto estará determinado con sinalización no chan e será indicado ao alumnado dende o 1º día de comezo das aulas.



Salientar que os días de choiva o alumnado estará nas zonas cubertas de entrada, atendendo a que os accesos establecidos serán os mesmos.

<b>33.</b>	<b>Cartelería e sinalética</b> (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)
------------	---

O centro disporá de cartelería informativa nas entradas corredores escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.

Estes carteis terán un tamaño de A3 e A4 .

Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo.

<b>34.</b>	<b>Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado</b>
O noso centro non conta con alumnado transportado.	

<b>35.</b>	<b>Asignación do profesorado encargado da vixilancia</b> (só datos numéricos)
O profesorado encargado da viviancia estará por grupos de tres. Cada un na súa respectiva zona atendendo a que afortunadamente temos tres espazos no centro e nos podemos distribuir así en canto a profesorado que estea vixiando.	
En cada esopazo estarán os cursos separados.	

As gardas establecidas son as seguintes:

## **GARDAS DE RECREO – SETEMBRO**

Grupo A: 1º-ORI -AL

Grupo B: 3º-4º-DULCE

Grupo C: 5º-6º-EF

Grupo D: PT-SANDRA MÚSI-RELI

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 15 Grupo A	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 22 Grupo B			
	Día 29 Grupo C			

## **GARDAS DE RECREO – OUTUBRO**

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 6 Grupo D	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 13 Grupo A			

	Día 20 Grupo B			
	Día 27 Grupo C			

## **GARDAS DE RECREO – NOVIEMBRE**

Grupo A: 1º-ORI -AL

Grupo B: 3º-4º-DULCE

Grupo C: 5º-6º-EF

Grupo D: PT-SANDRA MÚSI-RELI

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 3 Grupo D	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 10 Grupo A			
	Día 17 Grupo B			
	Día 24 Grupo C			

## **GARDAS DE RECREO – DECEMBRO**

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 1 Grupo D	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 15 Grupo A			
	Día 22 Grupo B			

## **GARDAS DE RECREO – XANEIRO**

Grupo A: 1º-ORI -AL

Grupo B: 3º-4º-DULCE

Grupo C: 5º-6º-EF

Grupo D: PT-SANDRA MÚSI-RELI

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 12 Grupo C	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 19 Grupo D			

	Día 26 Grupo A			
--	-------------------	--	--	--

## **GARDAS DE RECREO – FEBREIRO**

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 2 Grupo B	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 9 Grupo C			
	Día 23 Grupo D			

## **GARDAS DE RECREO – MARZO**

Grupo A: 1º-ORI -AL

Grupo B: 3º-4º-DULCE

Grupo C: 5º-6º-EF

Grupo D: PT-SANDRA MÚSI-RELI

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES



<b>Grupo A</b>	Día 2 Grupo A	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 9 Grupo B			
	Día 16 Grupo C			
	Día 23 Grupo D			

### **GARDAS DE RECREO – ABRIL**

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 6 Grupo A	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 13 Grupo B			
	Día 20 Grupo C			
	Día 27 Grupo D			

## GARDAS DE RECREO – MAIO

Grupo A: 1º-ORI -AL

Grupo B: 3º-4º-DULCE

Grupo C: 5º-6º-EF

Grupo D: PT-SANDRA MÚSI-RELI

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 4 Grupo A	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 11 Grupo B			
	Día 18 Grupo C			
	Día 25 Grupo D			

## GARDAS DE RECREO – XUÑO

LUNS	MARTES (ROTATIVO)	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Grupo A</b>	Día 1 Grupo A	<b>Grupo B</b>	<b>Grupo C</b>	<b>Grupo D</b>
	Día 8 Grupo B			

	<b>Día 15</b>			
	<b>Grupo C</b>			

Id.	Medidas en relación coas familias e ANPA
36.	<p><b>Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada</b>(previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)</p> <p>Este ano non está previsto a aula de madrugadores no centro.En calquera caso se ao final houbera, seguirase o protocolo.</p>
37.	<p><b>Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor</b> (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)</p> <p>As reunións das ANPAs ou extraescolares celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.</p> <p>Este ano a ANPA non se fará cargo das actividades extraescolares do centro e non está previsto a realización das mesmas.</p>
38.	<p><b>Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar</b></p> <p>Tanto as xuntanzas da ANPA como os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.</p> <p>Se algunha destas xuntanzas tivese que ser de xeito presencial será gardando todas as medidas de seguridade: distancia mínima dun metro e uso da máscara obrigatorio.</p>

### **39. Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias**

As tutorías levaranse a cabo os martes de 17.30h a 18.30h, como de costume, e con cita previa as canles habituais: abalarmóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica.

- Serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da tutoría do alumno e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

- As reunións de inicio de curso irán detalladas no plan de acollida, e faranse simultaneamente de xeito presencial e telemático, limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal, sendo obrigatorio o emprego de máscara.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro, Abalar para publicar as notas e Tokapp para comunicados do centro ou das aulas.

### **40. Normas para a realización de eventos**

Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos.

- Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Festival de Nadal no Auditorio de Teis ou actos masivos como o Samaín ou Magosto.

- Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
  - Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
  - Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
  - Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.
- En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.
- As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa cidade.

Id.	<b>Medidas para o alumnado transportado</b>
-----	---

41.	<b>Medidas</b> (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)
-----	--

No centro non hai alumno transportado.

Id.	<b>Medidas de uso do comedor</b>
-----	----------------------------------

42.	<b>Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado</b> (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)
-----	--

A primeira quenda será das 14:00 ás 14:40 aprox. será a metade do alumnado que está no comedor tendo en conta que na primeira tanda irán os máis pequenos ata 3º de Primaria. Este alumnado entrará no comedor escalonadamente. Ás 13:55 para evitar aglomeracións entrarán os alumnos de Infantil e ás 14:00 o alumnado será recollido na porta ao lado da Infantil de 3 anos para poder facer a entrada no comedor. O alumnado de 1º e 2º e 3º xa virá coas mans lavadas das súas respectivas aulas. Haberá dúas encargadas de comedor atendendo a este alumnado, mentras que a outra quenda estará no recreo coa coordinadora de comedor e con outra traballadora do comedor atendendo a estes nenos e nenas que estarán no patio. Hai que salientar que o alumnado das aulas de 4º, 5º e 6º agardará nas pegadas que estarán establecidas ao lado da pista polideportiva para cada curso mantendo a distancia de seguridade respectiva a partires das dúas da tarde a espera da chegada das coordinadoras. Se chove este alumnado agardará na fila dentro do pabillón.

Cando sexan as 14:40 o alumnado que está no patio irá acompañado polas respectivas monitoras e se irán poñendo en fila mantendo a distancia de seguridade pola porta en fronte de dirección e agardando que se faga unha desinfección dos pupitres individuais nos que estarán os de Primaria mantendo a distancia de seguridade. Agardando tamén que o outro alumnado saia pola outra porta acompañado polas respectivas monitoras.

Serán as coidadoras as que axudadas por este alumnado limpen con papel desbotable e desinfectante os pupitres (as coidadoras utilizarán o difusor para poñer o desinfectante nos pupitres nos que estará o alumnado de Primaria e estes axudarán a súa desinfección). Mentras que Infantil como según a normativa salienta que “o alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1,5 metros un de outro” realizará o seu periodo de comedor no espacio separado dos de Primaria máis de 1,5 metros de separación dos mesmo, e 1,5 metros de separación do grupo de Infantil 4º e 5º de 5º-6º de Infantil respectivamente. Formando grupos estancos os dous de Infantil, separándose entre si. O alumnado debe estar sentado sempre no mesmo sitio, haberá mesas individuais a 1,5 metros de distancia para o alumnado de Primaria que axudará a desinfectar na 1ª quenda. A dirección facilitará un listado do alumnado usuario e a disposición, para identificar os posibles contactos en caso dun gromo.

<b>43.</b>	<b>Persoal colaborador</b> (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)
------------	---

O persoal colaborador será o mesmo nas dúas quendas. A coordinadora do comedor comerá na segunda quenda.

Gardarán todas as medidas de seguirdade en relación ao COVID.

<b>44.</b>	<b>Persoal de cociña</b> (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)
------------	---

As encargadas do comedor terán os criterios establecidos pola empresa Scolarest en canto a prevención do Covid 19 e tendo en conta as quendas que deberán realizarse no noso centro.

Id.	<b>Medidas específicas para o uso doutros espazos</b>
-----	---

<b>45.</b>	<b>Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...</b> (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)
------------	--

No caso de aulas de desdobre (aulas de música, inglés, ximnasio, informática...) extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. e cada alumno se hai uso de cadeiras e mesas procederá a súa correcta dinfeción antes de finalizar a clase.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Onde a materia o permita substituírse o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitárase que os alumnos estén encorados a unha distancia inferior a 1 metro.

As únicas áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula serán música, educación física e relixión.

Nas actuais circunstancias resulta primordial a función catártica e hedonista destas dúas áreas, polo que privar ao alumnado do seu desenvolvemento nos espazos habituais non é unha opción.

- Isto implica que a aula de música, o ximnasio e o pavillón deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que as aulas convencionais (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

- Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.

- No caso do pavillón e de música ao ter que desprazarse o alumnado, o tempo de ventilación transcorre mentres un alumnado se cambia nos vestiarios e se desprazan á aula.

- Os vestiarios empregaranse unicamente ao finalizar a sesión, empregando os tres existentes e organizando quendas en caso de ser necesario.

Na aula de música non se poderá utilizar instrumentos de vento salvo que haxa unha distancia mínima de 3 metros.

46.	<b>Educación física</b> (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)
-----	---

Tomando como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de educación física:

Medidas xerais de limpeza de superficies e material:



- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mezclar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcolícos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e alquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie alomenos unha vez ao día.

#### Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal e utilizar máscara, salvo no momento da sesión. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.
- Sempre que sexa posible, os alumnos, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Eso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.

- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.

Medidas organizativas:

- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.
- Para o inicio das sesións aconséllanse actividades de execución individual, encaixando neste ámbito as coordinativas e de equilibrio, rítmicas ou de expresión corporal.
- Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula. Cando sexan dous grupos estarán separados en metades de campo ben diferenciados, mantendo os grupos estables de aula.
- Puntualmente, en xogos nos que sexa imposible evitar o contacto e a distancia, uso de máscara.
- En EF o uso da máscara empregarase sempre que non sexa no exterior e cunha distancia mínima de 2 m.

47.	<b>Cambio de aula</b> (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)
-----	--

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais de EF, Música e Relixión.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo profesor á entrada da nova aula en ringleira de 1n gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación aglomeracións de alumnado .

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

- Antes e despois de empregar os equipos informáticos será necesario que os usuarios realicen unha limpeza de mans e desinfección dos elementos de uso (teclado e rato).

**48. Biblioteca** (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

O responsable de biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala. Valorarase ter unha biblioteca de aula para evitar riscos ante o COVID 19.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

Ao rematar, os usuarios da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 24 horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

**49. Aseos**(poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

O uso dos aseos estará limitado a unha persoa, para evitar contactos. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos mais próximos á entrada do centro.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEAE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

Utilizárase o uso do semáforo nos baños para que o alumnado previamente informado nos primeiros días de curso saiba que o aforo dos baños pode estar completo para o seu uso debendo agardar.

Haberá unha zona de espera marcada ao carón de cada baño.



Id.	Medidas especiais para os recreos
50.	<b>Horarios e espazos</b> (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)
<p>Na medida do posible limitaranse espazos para que un grupo de 50 alumnos poida estar distanciados polo menos 1,5 metros, independizando espazos do mesmo aforo. Nos recreos o uso da máscara será obrigatorio.</p> <p>Realizarase unha proposta de “horas de recreo” e “grupos en recreo” que permita organizar non só a distribución do alumnado senón tamén as entradas e saídas nas aulas para minimizar concentracións elevadas de alumnados en corredores e escaleiras. No noso centro, o alumnado estará dividido en zonas perfectamente delimitadas. Entrarán e saírán ao recreo pola súa porta habitual, evitando así aglomeracións, tanto ás entradas como ás saídas ao mesmo.</p> <p>Durante o período de aplicación destas instrucións e con carácter excepcional poderán establecerse agrupacións de cursos e modificacións de horarios que permitan incrementar a seguridade nas relacións sociais e se teña en consideración o grupo estable de convivencia.</p> <p>Estarán divididos en zonas: nunha zona estarán 1º e 2º (sempre separados e un/unha dos mestres de garda no medio deles). O mesmo sucederá con 3º e 4º e 5º e 6º. Infantil fará o recreo a outra hora e coas clases separadas, habendo no patio dúas profesoras/es de garda.</p> <p>No período de recreo extremarase a vixilancia do alumnado. Do mesmo xeito o equipo directivo poderá prohibir o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos.</p> <p>En caso de que chova o recreo será nas propias aulas.</p>	
51.	<b>Profesorado de vixilancia</b> (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

O profesorado encargado da vixilancia estará por grupos de tres. Cada un na súa respectiva zona atendendo a que afortunadamente temos tres espazos no centro e nos podemos distribuír así en canto a profesorado que estea vixiando.

As actividades que haberá estarán relacionadas co proxecto do ano 2019-20 de patios inclusivos e haberá material para facer xogos nos que non haxa contacto e tentando manter a distancia de seguridade na medida do posible tentando que o alumnado se vexa o menos afectado no xogo nos recreos.

Ademais contamos cun cadro de gardas de profesorado para afrontar as posibles substitucións que se dean ao longo do curso.

Id.	<b>Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria</b>
-----	--

52.	<b>Metodoloxía e uso de baños</b> (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)
-----	--

O uso dos aseos estará limitado a unha soa persoa para evitar contactos. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos máis próximos á entrada do centro.

Utilizarase o uso do semáforo nos baños para que o alumnado previamente informado nos primeiros días de curso saiba que o aforo dos baños pode estar completo para o seu uso debendo agardar.

Haberá unha zona de espera marcada ao carón de cada baño.

53.	<b>Actividades e merenda</b> (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)
<p><b>Merendas de infantil e primaria:</b> deben ser na aula, porque será o momento no que saquen a máscara para poder realizala.</p> <p>Nos recreos débese reforzar a vixilancia, procurando evitar o contacto ou ben organizar distintas quendas, estando previstas as gardas do profesorado e estando establecidas diversas zonas para cada grupo de alumnos/as. Os elementos de xogo como tobogáns non deberían empregarse, así como areeiros en grupo xa que provoca a xuntanza entre o alumnado.</p>	

Id.	<b>Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres</b>
-----	--

54.	<b>Emprego do equipamento</b> (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizárase en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)
<p>Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos.</p> <p>Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.</p> <p>Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.</p>	

O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.

O alumnado colaborará na desinfección, xa que se lles pedirá que traian un difusor con desinfectante, para axilizar a limpeza do seu propio mobiliario.

Id.	<b>Medidas específicas para alumnado de NEAE</b>
-----	--

55.	<b>Medidas</b> (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEAE)
-----	--

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fora da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

- Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.



- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

**56.** **Medidas e tarefas. Seguimento** (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)

Extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Recoméndase substituír o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

Id.	Previsións específicas para o profesorado
-----	---

**57.** **Medidas** (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

No noso centro a reunións serán coa porta aberta na sala de mestres e gardando todas as medidas de seguridade.

Permite a estancia simultánea de quince persoas, polo que nos recreos todo o profesorado que non estea de garda poderá estar nese espazo. Aínda así, prestarase especial atención á ventilación da sala.

- Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira de pedal.
- Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcolico.
- Para empregar a máquina de café, os usuarios deberán realizar unha limpeza previa de mans e, ao finalizar, deberán empregar a papeleira de pedal para tirar os vasos desbotables.

**58. Órganos colexiados** (o centro incluirá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

Os nosos claustros serán preferentemente de xeito telemático ou na sala de profes ou ximnasio de ser o caso.



Id.	Medidas de carácter formativo e pedagógico
59.	<p><b>Formación en educación en saúde</b> (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)</p> <p>Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.</p> <p>Enviarase a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.</p> <p>Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.</p> <p>A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2020/2021 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.</p> <p>O equipo Covid participará nun curso de formación impartido polo Cfr de Vigo no mes de setembro.</p> <p>Desde o inicio do curso tomaremos as seguintes medidas relacionadas coa prevención persoal:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Realizarase unha hixiene das mans de forma frecuente e meticolosa polo menos á entrada e á saída do centro educativo, antes e despois do patio, de comer, e sempre despois de ir ao aseo e, en todo caso, un mínimo de cinco veces a día.</li></ul>



- O alumnado recibirá educación para a saúde para posibilitar unha correcta hixiene das mans e hixiene respiratoria e o uso adecuado da máscara.

**60. Difusión das medidas de prevención e protección** (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

O Plan estará imperso e arquivado no despacho de Dirección, será enviado ao profesorado pro correo electrónico, así como á Inspección educativa e, ademais, estará permanentemente exposto na páxina web do centro.

**61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais** (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

Rafael Prieto Álvarez: Coordinará e dinamizará o manexo da aula virtual do centro.

**62. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”** (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)

O Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas,

colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr nomaximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

Consecuentemente, tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o próximo curso 2020/2021, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros docentes e o seu profesorado.

Procede ditar instrucións para adaptar a programación do curso 2020/2021, adoptando as medidas necesarias de atención a diversidade orientadas a responder a necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados as aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019/2020 lles dificultou adquirir.

Para o desenvolvemento correcto deste apartado, remitímonos ao Plan de continxencia e as distintas programacións didácticas do profesorado.

- O equipo directivo elaborará o Plan de Acolida que será publicado coa maior brevidade posible para que a comunidade educativa poida organizar o mes de setembro. Este documento recollerá as datas das reunións coas familias e o horarios de entrada e saída do primeiro día, que serán flexibilizados para poder ter unha mellor organización e facilitar a adquisición de hábitos recollidos neste plan.

- Levará recollido tamén unha estimación do período de adaptación para o alumnado de 4º de infantil.

<b>63.</b>	<b>Difusión do plan</b> (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)
------------	---

O Plan estará impreso e arquivado no despacho de Dirección, será enviado ao profesorado pro correo electrónico, así como á Inspección educativa e, ademais, estará permanentemente exposto na páxina web do centro.



## ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo <b>CONTACTO</b> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
<b>CONVIVIU</b> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		



**Compromiso para realización da auto enquisa diaria Covid-19 segundo o requirido no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE**

**GALICIA PARA O CURSO2020-2021**

**D./Dña.....**

con DNI ....., na miña condición de representante legal do alumno ou alumna.....  
 comprométome á realización da auto enquisa diaria do alumno ou alumna.....  
 en relación ao Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o presente curso requirido pola Consellería aos centros educativos, asumindo a responsabilidade a nivel individual como parte da Comunidade Educativa do Ceip Vicente Risco contribuíndo ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas (Plan de Adaptación do Ceip Vicente Risco difundido na súa web de Centro), encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada co compromiso persoal en relación ao anexo I auto enquisa) o alumno/a non acudirá ao centro educativo e os titores legais chamarán ao seu centro de saúde de referencia ao teléfono do centro educativo preguntando pola persoa de referencia do equipo covid do centro e da etapa educativa correspondente en relación ás funcións asignadas no Plan de Adaptación facilitado polo Ceip Vicente Risco. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.

Asinado en Vigo, ..... de ..... de 20.....

**D./Dña.....**

*“En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico [asxt.cultura.educación@xunta.es](mailto:asxt.cultura.educación@xunta.es).”*





## ANEXO IV: MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CONDICIÓN DE SEGURIDADE NO CENTRO EDUCATIVO

O 22 de xullo de 2020 dítase a Resolución das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade, pola que se determina o protocolo de inicio do curso 2020- 2021, se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería.

No protocolo establece o informe que debe elaborar a dirección no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes para o solicitante.

D./Dna. \_\_\_\_\_ solicitou a súa consideración como persoal sensible.

Polo exposto, Dna. SANDRA FERNÁNDEZ VIDAL, na súa calidade de Directora do centro de ensino público CEIP VICENTE RISCO

### INFORMA:

Marcar con X ou tachar o que non proceda

- Que o solicitante presta servizo neste centro educativo en condición de: docente, persoal administrativo, de limpeza, ou outra categoría.
- Que no centro existe dotación de xel hidroalcohólico, e restantes elementos para a hixiene das mans consonte ao protocolo.
- Que existe dispoñibilidade de máscaras diarias para o solicitante.
- Que nas aulas existe unha separación de 1,5 metros ata o lugar ocupado polo alumnado.
- Que nos espazos comúns (sala de profesores, salas de reunións, etc. ) existe unha separación de 1,5 metros entre os postos.
- Que no posto de traballo (persoal administrativo) existe a debida separación de 1,5 metros diante das persoas que acoden ao centro.

E para que conste diante da inspección médica da Xefatura Territorial de

---



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

CADRO CONTROL VENTILACIÓN DE AULAS

PERSOA QUE REALIZA A VENTILACIÓN	DATA	HORA	PERSOA QUE REALIZA A VENTILACIÓN	DATA	HORA	PERSOA QUE REALIZA A VENTILACIÓN	DATA	HORA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

CADRO CONTROL LIMPEZA DE ASEOS

<b>PERSOA QUE REALIZA A LIMPEZA</b>	<b>DATA</b>	<b>HORA</b>	<b>PERSOA QUE REALIZA A LIMPEZA</b>	<b>DATA</b>	<b>HORA</b>	<b>PERSOA QUE REALIZA A LIMPEZA</b>	<b>DATA</b>	<b>HORA</b>